



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350

Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ANUNCIO

CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACION DE TRES BOLSAS DE ESTUDIOS PARA PRACTICAS NA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO DE NIGRAN

TITULACION: Técnico Superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas,
Técnico Superior de Información e Comercialización Turística
ou Diplomado en Empresas e Actividades Turísticas.

DURACION:

1ª bolsa: do 15 de maio de 2017 ó 15 de novembro de 2017, ambos inclusive.

2ª e 3ª bolsa: do 15 de xuño de 2017 ó 15 de setembro de 2017, ambos inclusive.

PRAZO DE SOLICITUDES: No rexistro xeral do Concello, dende o día de hoxe ata o día 20 de abril de 2017, ambos inclusive.

INFORMACION: Na oficina municipal de Información, e na páxina web do Concello.

Esta copia pode verificarse en sede.nigran.org introduciendo o CSV UPAOQDZXI9X49ZKP





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Expte: 2017001176Sv

Asunto: Bases para adxudicación de tres bolsas de estudos para practicas na oficina municipal de turismo de Nigrán

Aprobación: Bases aprobadas por resolución da Alcaldía de data 11 de abril de 2017.

BASES

BOLSAS DE INFORMACION TURISTICA EN OFICINAS MUNICIPAIS

Expte. 2017001176Sv

Co obxecto de proceder á selección de bolseiros/as para a realización de prácticas nas oficinas de información turística do Concello de Nigrán, actividades encamiñadas á súa propia formación e supervisadas pola Concellalía de Turismo e tutorizadas pola Xefatura de Negociado da Unidade de Servizos Xerais, convocase proceso de selección de tres bolsas de estudos para prácticas de información turística, de conformidade coas seguintes bases (que se encadran na liña estratéxica nº 2 das previstas no Plan Estratéxico de Subvencións Municipais (anos 2016 a 2019) aprobado en sesión plenaria do 31/03/16.) :

1.- O número de bolsas é de tres, sendo o periodo de realización das mesmas segundo a relación que segue e adxudicados por orden de puntuación:

a) Unha bolsa de seis meses, dende o 15 de maio de 2017 ó 15 de novembro de 2017, ambos inclusive.

b) dúas bolsas de tres meses, dende o 15 de xuño ao 15 de setembro de 2017, ambos inclusive.

2.- As bolsas serán abonadas por mensualidades a razón de 800,00 € (importe bruto mensual).

3.- O horario para a realización de prácticas na Oficina Municipal será de catro horas diarias, de 10 a 14 horas e de 16 a 20 horas.

4.- A adxudicación das bolsas será segundo as preferencias e orde de puntuación, de maior a menor, do resultado final do proceso selectivo.

5.- Os/as bolseiros/as deben cumprir os seguintes **requisitos** :

- Ser español/a ou nacional dun país membro da Unión Europea, residente en España, preferiblemente con residencia na provincia de Pontevedra
- Estar en posesión, no momento da convocatoria de selección, dalgún dos seguintes títulos obtidos no ano 2007 ou con posterioridade a esta data:
 - Técnico Superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas,





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- Técnico Superior de Información e Comercialización Turística,
 - Diplomado en Empresas y Actividades Turísticas.
- No caso de aportar títulos/certificados/acreditacións, obtidos no extranxeiro ou emitidos por entidades non incluídas na rede de centros de ensino público oficial español (Cambrige...), os aspirantes deberán acreditar documentalmente a validación/homologación e, no seu caso, tradución, pola entidade pública española competente; en caso contrario non serán valorados.
- No caso de aportar títulos/certificados/acreditacións... de centros españois non oficiais e/ou públicos, os aspirantes deberán acreditar a validación/homologación, pola entidade pública española competente; en caso contrario non serán valorados.

6.- Presentación de instancias: As solicitudes poderán presentarse en instancia que se facilitará polo Concello no rexistro xeral ata o día 20 de abril de 2017 e a partir do día seguinte á publicación do anuncio. Tamén poderá presentarse nas formas previstas na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Caso de que a instancia non se presente directamente no Rexistro Xeral do Concello, o/a aspirante **terá a obriga** de dirixir por Fax, o 986383931 unha copia da instancia con anterioridade ó remate do prazo. O prazo computarase a partir do día seguinte da publicación do anuncio da convocatoria no Taboleiro de Edictos do Concello e nun diario de maior difusión da provincia acompañada da seguinte documentación:

- Impreso de solicitude debidamente cumprimentado.
- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas e/ou concedidas ao aspirante polas administracións públicas para este período.
- Fotocopia compulsada da titulación oficial, esixida como requisito mínimo de acceso, acreditando a nota media obtida ou, no seu caso, o conxunto de notas correspondentes a todas e cada unha das asignaturas que integran a devandita titulación oficial. En caso de non acreditar esta puntuación, o aspirante non obterá ningún punto no apartado 7.
- Certificación ou fotocopia compulsada dos títulos en idiomas de centros oficiais.
- Fotocopia compulsada de diplomas acreditativos de asistencia a cursos.

O prazo para presentar as solicitudes remata o día 20 de abril de 2017, no rexistro municipal do Concello, xunto con fotocopia compulsada dos méritos.

7.- Selección: O proceso de selección desenvolverase en dúas fases. A primeira, de concurso e valoración da documentación presentada polos aspirantes admitidos, e a segunda, de proba práctica oral.

BAREMO DE MERITOS.- Ata un máximo de 10 puntos co seguinte detalle:





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

a) Méritos académicos.- ata un máximo de 4 puntos

- Expediente académico dos Diplomados, tendo en conta a nota media :

Matricula de honra:	4 puntos
Sobresainte:	3 puntos
Notable:	2 puntos
Aprobado:	1 punto

- Expediente académico para os Técnicos Superiores, ten en conta a nota media:

Matricula de honra:	2 puntos
Sobresainte:	1,5 puntos
Notable:	1 puntos
Aprobado:	0,5 puntos

As puntuacións obtidas en cada un destes apartados, poderán ser acumulativas (sempre ata ese máximo de 4 puntos), cando o aspirante estivese en posesión de varias das titulacións esixidas como requisito mínimo de acceso e así o acredítase.

b) Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamiento, relacionados coas materias obxecto desta convocatoria e impartidos en Centros oficiais, Universidades, Colexios Oficiais e/ou Escolas de Administración Pública, ata un máximo de 3 puntos.

Master ou Postgrado (relacionado co sector turístico) 1 punto.

Duración/horas	puntos
100 ou máis horas	0,25 puntos
de 60 a 99 horas	0,20 puntos
de 30 a 59 horas	0,15 puntos
de 10 a 29 horas	0,10 puntos
9 ou menos horas	0,05 puntos

Créditos	puntos
10 ou máis créditos	0,25 puntos
de 6 a 9 créditos	0,20 puntos
de 3 a 5 créditos	0,15 puntos
de 1 a 2 créditos	0,10 puntos

No suposto de que non se acredite a duración e/ou número de créditos dos cursos, serán valorados a razón de 0,05 puntos.

c) Coñecemento de idiomas,- ata un máximo de 2,50 puntos.

Por ter realizado cursos de idiomas estranxeiros (en escolas oficiais),





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

segundo o baremo do Anexo II da Circular 4/2014 da Consellería de Educación, de accesos directos por titulación. <http://www.edu.xunta.es/web/node/12738>

Nivel B1, 0,50 puntos por idioma

Nivel B2, 1,00 puntos por idioma

Valorarase o nivel superior aportado por cada idioma presentado e ata un máximo de 2,50 puntos.

d) Coñecemento acreditado do idioma galego: ata un máximo de 0,50 puntos:

Celga 1	0,10 puntos
Celga 2	0,15 puntos
Celga 3	0,25 puntos.
Celga 4	0,40 puntos.
Celga 5	0,50 puntos

PROBA PRÁCTICA ORAL.- Esta proba terá lugar unha vez concluída a valoración de méritos e realizarase unicamente cos/oas candidatos/as que alcancen a maior puntuación total na fase de concurso nunha porcentaxe que represente o 25% dos aspirantes (se son inferiores a 100), podendo modificar esta porcentaxe de estimarse conveniente ata poder garantir un mínimo de 3 candidatos por bolsa. A non presentación a esta proba por parte dos aspirantes convocados, suporá a exclusión neste proceso selectivo.

Esta proba oral versará, en primeiro lugar, sobre o coñecemento de cada aspirante do concello de Nigrán, establecendo a Comisión de Selección xusto antes de proceder ás probas orais, unha batería de preguntas a realizar aos aspirantes cunha valoración acordada por dita comisión. En segundo lugar, a proba comprobará o nivel de lingua inglesa de cada un dos aspirantes por considerar esta lingua a máis comunmente empregada polos visitantes extranxeiros que chegan a Nigrán.

Ademais, os membros da comisión poderán formular calquera pregunta que considere oportuna respecto ao CV de cada aspirante co fin de ampliar a información e/ou aclarar dúbidas xurdidas no exame documental.

Esta proba será valorada de 0 a 3 puntos.

En caso de empate nas puntuacións dos aspirantes, a orde de prelación determinarase, pola maior puntuación alcanzada en cursos de idiomas, seguido de titulacións de turismo e, finalmente, outras titulacións.

8.- A Comisión de Selección estará formada por:

Presidenta: Dña. Cristina Aballe Román

Vocais:- Dña. M^a Jesús Seoane Lema

D. Oscar Peña López

Dña. Margarita Fernández Álvarez, que desempeñará tamén as





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

funcións de Secretaria.

9.- Convocase á Comisión de Selección para o día 24 de abril de 2017 ás 09:00 no Salón de Plenos do Concello para a fase de valoración de méritos.

A lista cos resultados acadados por cada aspirante, exporase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

Os aspirantes poderán presentar alegacións a estas puntuacións ata o día 27 de abril inclusive, cos mesmos requisitos que a presentación das instancias.

As alegacións será resoltas pola comisión o día 28 de abril, en convocatoria as 09:00 horas.

Unha vez, publicada a resolución definitiva, os aspirantes que finalmente obteñan a puntuación axeitada, terán que presentarse o día 4 de maio ás 9:00 horas no Salón de Plenos Municipal, para a proba práctica.

10.- As tres persoas que obteñan máis puntuación no conxunto do proceso selectivo, serán propostas para a incorporación nos tres primeiros postos de becarios/as ofertados, mentres que o resto das persoas que superen o proceso se integrarán nunha listaxe para cubrir tanto as suplencias, como futuras necesidades da área de turismo de cobertura mediante o sistema de becas ao longo deste ano 2017. As posibles vacantes cubriranse sempre que dita praza quedase valeira e sempre que a incorporación do suplente se producise con tempo suficiente de adquirir a formación implícita neste proceso e a criterio da Concellalía de Turismo.

11.- Causas de Revogación das Bolsas: Incumplimento das obrigacións correspondentes como beneficiario/a da bolsa.

12.- Os/as adxudicatarios/as das bolsas deberán previamente:

- presentar declaración xurada comprometendose a renunciar, en caso de ser seleccionado, a calquera tipo de actividade remunerada durante a vixencia da bolsa.
- Aportar certificado orixinal da conta bancaria do solicitante (de conformidade coa norma Sepa) na que figure o Iban.

13.- Ó non disposto nas presentes Bases, así como as situacións de incapacidade temporal, regularanse por la normativa de aplicación vixente.

